

## BANDO

**D. MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES, Alcalde do Concello de Pontevedra**

### FAI SABER

#### **Reordenación da mobilidade e peche da circulación rodada parcial para vehículos motorizados dun treito da avenida da Raíña Vitoria Uxía**

1. En data 23/09/2020, esta Alcaldía do Concello de Pontevedra ditaba un bando, aprobado mediante Decreto, polo que se acordaban unha serie de medidas en relación á ordenación da mobilidade na rúa da Raíña Vitoria Uxía; en concreto, ordenábase o peche ao tráfico rodado, por tempo indefinido, do treito abranguido entre a rúa dos Palamios e a entrada do aparcadoiro da Alameda e dispúñase que se procedese á reordenación da rúa dos Palamios, na entrada de servizos do IES Sánchez Cantón, para dotala de maior espazo de uso exclusivamente peonil.

2. Os motivos da referida decisión de mobilidade, decretada ao abeiro do artigo 74 da entón vixente Ordenanza de circulación do ano 1989, residían e estaban relacionados e xustificadas nas medidas necesarias para a loita contra a pandemia provocada pola COVID-19, que aínda estamos a padecer. Lembrábase, nese bando, que *"o 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou, a nivel de pandemia internacional, a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública, que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións nacionais, estatais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia"*.

A referida motivación desenvólvese coa invocación do deber de cautela e protección previsto no artigo 4 do Real decreto lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria provocada pola COVID-19; tamén, coas medidas para o cumprimento da distancia de seguridade interpersoal coonestadas coas dificultades que tiñan a comunidade escolar do IES Sánchez Cantón, formada por máis de 1.000 persoas, para manter a devandita distancia de seguridade interpersoal nas entradas e saídas do centro, debido á configuración física da súa contorna, ao ordenamento do tráfico rodado e ao réxime de estacionamento na Avda. da Raíña Vitoria Uxía e na rúa dos Palamios, con alusión ás dificultades da dirección do centro para definir e executar o protocolo de prevención da COVID-19.

3. A Sentenza firme, ditada o 01/10/2021, pola sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto fronte o devandito bando e que pretendía a súa anulación, deu por boas as referidas xustificacións e a motivación da decisión discrecional adoptada, concretadas na situación da pandemia e as medidas xerais impostas polos Gobernos do Estado e da Xunta, en relación coa situación e condicións nas que se atopa o centro escolar e a proposta de mitigar os seus efectos a ese centro mediante a modificación parcial e excepcional do uso da referida vía de circulación. Considerou o Tribunal a decisión axustada á realidade dos feitos e proporcionada para as fins pretendidas, tanto dende o punto de vista espacial coma temporal, aclarando que as medidas adoptadas por tempo indefinido non deberan entenderse como permanentes, senón temporais, asociadas á situación temporal que se presentaba.

4. Entre medias, o Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 21/09/2020, aprobou definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da mobilidade amábel e da utilización dos espazos públicos no Concello (BOPPO núm. 190 do 1/10/2020), que normativiza a aposta de Pontevedra como cidade que prima a mobilidade peonil, xa que todos os espazos públicos terán preferencia para os peóns, agás os reservados expresamente para a mobilidade motorizada. A nova norma está orientada ao obxectivo de converter a cidade nun espazo accesible, seguro e sustentable e supón o referente normativo sobranceiro dun proceso



centrífugo e ininterrompido, iniciado no 1999, de reforma integral do espazo público, que definiu unha ampla zona de preferencia peonil que supera amplamente e incluso multiplica os límites da cidade histórica, cun tráfico de paso e axitación restrinxido que abrangue rúas, prazas e espazos públicos accesibles e adaptados ás necesidades do conxunto da poboación e ten entre os seus principais obxectivos o de priorizar e protexer os tránsitos peonís e de bicicletas, en detrimento da saturación automobilística e o da recuperación do espazo público para a cidadanía. A Ordenanza municipal, aínda que anterior no tempo, está perfectamente aliñada cos obxectivos de redución da emisión de gases de efecto invernadoiro e coa procura dunha cidade de baixas emisións que favoreza a mobilidade activa e saudable en detrimento da mobilidade contaminante, previstos tanto na Lei 7/2021 de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética (LCCTE), como no proxecto de Lei de mobilidade sostible, que deseñan un novo escenario normativo para o tráfico de vehículos a motor nas cidades e exixirá aos Concellos unha drástica adaptación dos medios de transporte cara a unha mobilidade limpa, menos vencellada á utilización do vehículo privado polo retos do troco climático e a saúde.

5. Tralo Bando inicial e logo da entrada en vigor da nova Ordenanza e da LCCTE, da propia Sentenza do TSXG do 1/10/2021 e á vista dos datos recibidos na Concellaría competente da variación das intensidades de tráfico medidas polos aforadores instalados, tanto polas empresas contratadas ao efecto como pola propia policía local, que constatan unha redución considerable das intensidades medias diarias dos tráficos a motor no eixo ou fluxo de circulación que atravesaba o centro de norte a sur entre a Ponte da Barca e a Avda. Eduardo Pondal e, polo tanto, no centro da cidade, xunto cos obxectivos iniciais do peche decretado, que se manteñen arestora, e as melloras xeradas na ordenación da mobilidade e nos tráficos a motor, na calidade urbana e medioambiental (ruídos e fumes) e na saúde da veciñanza no eido central residencial da cidade e na contorna de centros educativos e asistenciais que teñen que funcionar coas fiestras abertas, interesouse da Dirección Xeral de Mobilidade e da Policía Local que se estudase e emitise informe técnico sobre a procedencia de ditar un novo bando que limitase a circulación no eido pechado da Avda. Raíña Victoria Uxía, agás para a mobilidade natural, mecanizada e os VMP, non só por mor do mantemento dos obxectivos iniciais de cautela, protección e distancia de seguridade interpersoal do IES Sánchez Cantón, senón polos obxectivos xerais da ordenanza de mobilidade amábel e utilización dos espazos públicos do Concello de Pontevedra, á vista dos datos e estudos realizados e dos resultados acadados coa medida de peche puntual e parcial da circulación rodada de vehículos a motor.

6. Logo de senllos informes da área de mobilidade da PL elaborados trala comparativa entre os datos dos aforamentos da base de datos da central de tráfico, na contorna da avenida da Raíña Vitoria Uxía e no viario e zonas adxacentes entre os anos 2017-2020 e 2015-2021 e da constatación da evolución da mobilidade e efectos (documentos con CSV P907AT7N4D8L8DBI e CSV PTR5F9O3YHBLIW4Q, verificables en sede.pontevedra.gal), o Xefe do Corpo da Policía, en informe emitido o 2/11/2021 (CSV: PRR2VQJHA3YJKAA90PRR2VQJHA3YJKAA9, verificable en <https://sede.pontevedra.gal>), conclúe que dos datos obtidos dos últimos aforamentos realizados no eixo Ponte da Barca- Raíña Vitoria- Praza de Galicia- Eduardo Pondal evidénciase unha redución do tráfico de máis do 30% de media no referido eixo, situado nunha zona densamente poboada da cidade, na que desaparecen as retencións, ao tempo que alerta dun incremento de tráfico no eixo da Avda. María Vitoria Moreno-Manuel del Palacio e de intensidades non compatibles co carácter residencial da rúa dos Palamios -aínda que lonxe da saturación-, polo que considera procedente o ditado dun bando da alcaldía polo que se decreta o peche definitivo do actual treito da Avda. Raíña Vitoria por estar en coherencia cos obxectivos da Ordenanza de mobilidade amábel e espazos públicos do Concello de Pontevedra e pola mellora ou diminución dos tráficos no eixo directamente afectado.

Pola súa banda, o 14/03/2022, o enxeñeiro municipal director xeral da Área de Mobilidade do Concello de Pontevedra emitiu informe (CSV:UGSG4RW8NUS9V), á vista dos antecedentes e datos dos diferentes estudos de tráfico dos que se dispoñen dende o 1997, cuxas matrices orixe/destino achegan informacións de moito interese, ao permitiren identificar os tráficos de paso que non achegan á cidade outra cousa que contaminación acústica e atmosférica, conxestión e diminución da seguridade viaria e que dispoñen a alternativa de poder utilizar o treito libre de peaxe da AP-9 como rolda de circunvalación. Neste informe, tras analizar a normativa aplicable, incluídas as obrigas municipais de acadar os obxectivos de descarbonización, de mellora da calidade do aire e, polo tanto, da saúde da cidadanía, a través da redución das emisións de contaminantes atmosféricos, así como do ruído xerado polos vehículos, con vistas a



alcanzar as recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS), de contribución á mitigación do cambio climático co cambio modal cara a modos de transporte máis sostibles, o fomento da mobilidade activa e a recuperación do espazo público, incide na obriga de cumprimento da alínea 3 do artigo 14.3 da Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética. A tal fin, na actualidade estase a levar a cabo a revisión da súa estratexia de mobilidade e a actualización e revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), que definirá unha Zona de Baixas Emisións antes do 2023, polo que conclúe, que os motivos medioambientais e o obxectivo de acadar os parámetros esixidos no ICA Europeo ou nas Directrices da OMS (2021), xustifican a posibilidade da aplicación do artigo 18 do Texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e do artigo 4 da Ordenanza da mobilidade amable para decretar o corte de calquera rúa da cidade, lembrando que o obxectivo da revisión do PMUS e ZBE en elaboración baséase, entre outras moitas cuestións, na supresión dos tráfico de paso a través da cidade, polo que a decisión pode avanzar na eliminación de tránsito coma os descritos no informe, nunha zona que ten unha altísima densidade de poboación como zona residencial e as medidas a aplicar redundarían nunha evidente mellora da calidade ambiental do espazo, consonte coa Ordenanza municipal e coa Lei de cambio climático.

Queda deste xeito demostrado que o peche parcial decretado por mor da pandemia provocou unha mellora sensible na calidade de vida da cidade, que se amosa cunha redución do volume de tráfico no fluxo de circulación viaria entre a rúa Eduardo Pondal e a Ponte da Barca e, en consecuencia, do tráfico de paso polo centro da cidade. Tal redución non só ten efectos positivos na fluidez dos tráfico a motor en puntos anteriormente conflictivos, como a rotonda de Eduardo Pondal con Uxío Novoneyra ou na rúa Echegaray, senón que a redución das IMD leva aparelada unha diminución da contaminación acústica e do aire nas zonas residenciais mencionadas e, sobre todo, na contorna de centros educativos (IES Sánchez Cantón e CEIP de Campo Longo) e sanitario (Centro de Saúde Virxe Peregrina) en liña coas “*Directrices para la creación de Zonas de Bajas Emisiones*”, polo que manter o peche parcial no tempo permitirá interceptar un fluxo de tráfico de paso polo centro da cidade, recuperar un espazo urbano con uso exclusivo do tráfico rodado para a veciñanza, promover as mobilidades alternativas peonil e ciclista e servir de base para futuras intervencións de mellora do espazo urbano que promovan a convivencia cidadá e os usos múltiples.

Xa que logo, ao abeiro do disposto no artigo 18 da Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, do artigo 4 da Ordenanza reguladora da mobilidade amábel e da utilización dos espazos públicos no Concello de Pontevedra e, en relación co artigo 6 da Ordenanza e co artigo 103.3 d) da normativa do vixente PXOU e polos motivos expostos de carácter medio ambiental de seguranza e saúde, a Concellería de Goberno da Área de Obras Urbanas e Transporte propuxo que a Alcaldía dite resolución, que se publicará por medio dun **bando**, para adopción das medidas necesarias para reordenar a mobilidade e o uso do espazo público referido, polo que esta **Alcaldía**, de conformidade coa proposta formulada, dispuxo mediante **Resolución do 15 de marzo do 2022, ditada diante do Sr. Secretario da Administración Municipal**, o seguinte:

- a) Ordenar o peche ao tráfico rodado, por tempo indefinido e polos motivos expostos da Avda. da Raíña Vitoria Uxía, no treito abranguido entre a rúa dos Palamios e a entrada do aparcadoiro da Alameda, agás para a mobilidade natural, mecanizada e para os VMP.
- b) Deixar sen efecto o bando ditado o 23/09/2020.
- c) Remitir a presente orde á Policía Local e á Dirección Xeral da Área de Mobilidade, coa finalidade de que se execute o ordenado e se poidan propor medidas adicionais para acadar o obxectivo proposto e mitigar o incremento de intensidade no eixo Manuel del Palacio-María Victoria Moreno e na rúa dos Palamios, así coma ao gabinete de prensa, para a súa difusión á cidadanía, con publicación na sede electrónica e no BOP, por medio do correspondente Bando.

### **O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento**

